

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A SOCIEDADE GALEGA DE
MEDIO AMBIENTE SA PARA A XESTIÓN DAS PLANTAS DE
TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NA PROVINCIA DE
OURENSE**

1. Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. é unha Sociedade Mercantil, pertencente ao sector público galego creada por Decreto 111/1992, de 11 de abril, coma unha Sociedade Pública autonómica dependente da Consellería competente en materia de residuos, cuxas competencias son a xestión de residuos urbanos a partir de que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas conseguintes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito de residuos.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a xestión dos residuos urbanos dende as diferentes plantas de Transferencia ata o Complexo Medioambiental de Cerceda.

2. **Antecedentes:** No ano 2010 asinouse un Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e SOGAMA para a xestión das microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos da provincia de Ourense cunha vixencia de catro anos que se prorrogou por dous anos máis por acordo do Pleno Provincial de 27 de decembro do 2013. Neste convenio a Deputación Provincial de Ourense cedíalle trinta e sete colectores de alta capacidade para transporte de lixo por estrada a SOGAMA e mantiña a xestión do funcionamento das microplantas da súa titularidade mentres que SOGAMA debía destinar os equipos cedidos ao seu uso no sistema integrado de xestión de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense.

3. **Finalidade** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1/01/2017 ata o 30/06/2017.

4. O convenio ten por obxecto:

1. Recoller os residuos tratados nas microplantas provinciais, asumindo a súa propiedade dende a entrega e procedente a súa completa xestión a partir desde momento.
2. Aboarlle á Deputación Provincial de Ourense a cantidade de 4,5 €/unidade, IVE excluído, por cada tonelada de lixo entregada.

5. O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

En virtude do presente convenio as once microplantas seguirán a estar integradas funcionalmente no sistema de xestión de residuos sólidos urbanos actualmente xestionados por SOGAMA, sen prexuízo do mantemento da súa titularidade provincial

6. Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Cerceda 23 de decembro de 2016.

Isidro García Téllez

Director Xeral

asinado dixitalmente